

ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DE 28 DE OUTUBRO DE 2019 SOBRE A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE PRAZAS DE PROFESORADO TITULAR DE UNIVERSIDADE CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2018 DA UNIVERSIDADE DE VIGO

No Consello de Goberno que tivo lugar o 20 de marzo de 2019, aprobouse o Plan de Promoción a profesorado Titular e Catedrático/a de Universidade que establece como obxectivo a creación e publicación de dúas listaxes de profesorado acreditado que determinarán as áreas de coñecemento nas que procederá a convocatoria das prazas que correspondan segundo a oferta de emprego público.

Unha vez publicadas estas listaxes definitivas de acreditados polas que se determina a orde de convocatoria de prazas e segundo a oferta de emprego público do ano 2018 da Universidade de Vigo (DOG 20/12/2018), procede a convocatoria de 24 prazas de profesorado Titular de Universidade, polo que o Consello de Goberno, na sesión de 28 de outubro de 2019, toma o seguinte **ACORDO**:

1. Aprobar a convocatoria e a creación de **24 prazas de Profesorado Titular de Universidade nas áreas de coñecemento relacionadas no anexo I.**

Do total destas prazas reservarase unha praza (1) para quen es teñan a condición legal de persoas con discapacidade cun grao igual ou superior ao 33 %.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra este acordo recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 28 de outubro de 2019

O Reitor

Por delegación (RR 01/12/2018)

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Manuel Ramos Cabrer



ANEXO I.

Relación, por orde alfabético, das áreas de coñecemento seleccionadas segundo a listaxe de acreditados a profesorado Titular de Universidade (RR 24/07/2019), contemplada no Plan de Promoción a profesorado Titular e Catedrático/a de Universidade (Consello de Goberno 20/03/2019)

1. Quenda Xeral.

PRAZAS	ÁREA	DPTO.	CAMPUS
1	BOTÁNICA (063)	BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO (C02)	VIGO
1	CIENCIA DOS MAT. E ENXEN. METALÚRXICA(065)	ENX. DOS MAT., MECÁNICA APLICADA E CONSTRU. (T05)	VIGO
1	DEREITO FINANCEIRO E TRIBUTARIO (150)	DEREITO PÚBLICO ESPECIAL (X13)	VIGO
2	ECOLOXÍA (220)	ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL (C04)	OURENSE
1	ECOLOXÍA (220)	ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL (C04)	PONTEVEDRA
1	ECOLOXÍA (220)	ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL (C04)	VIGO
4	ENXEÑARÍA QUÍMICA (555)	ENXEÑARÍA QUÍMICA (T04)	VIGO
1	ENXEÑARÍA TELEMÁTICA (560)	ENXEÑARÍA TELEMÁTICA (T13)	VIGO
2	FÍSICA APLICADA (385)	FÍSICA APLICADA (T08)	VIGO
1	FISIOLOXÍA VEXETAL (412)	BIOLOXÍA VEXETAL E CIENCIAS DO SOLO (C02)	VIGO
1	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMÁTICOS (570)	INFORMÁTICA (T15)	OURENSE
2	NUTRICIÓN E BROMATOLOXÍA (640)	QUÍMICA ANALÍTICA E ALIMENTARIA (C07)	OURENSE
2	QUÍMICA FÍSICA (755)	QUÍMICA FÍSICA (C11)	VIGO
1	QUÍMICA ORGÁNICA (765)	QUÍMICA ORGÁNICA (C12)	OURENSE
1	TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS (800)	TEORÍA DO SINAL E COMUNICACIÓNS (T14)	VIGO
1	ZOOLOXÍA (819)	ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL (C04)	VIGO

2. Cupo discapacidade.

PRAZAS	ÁREA	DPTO.	CAMPUS
1	ENXEÑARÍA QUÍMICA (555)	ENXEÑARÍA QUÍMICA (T04)	VIGO

CSV : Portafirmas Des-dfb2-cff1-e7b0-fcc9-7e01-c8ac-c43c-10ea

Url validación : <http://sede>

FIRMANTE(1) : MANUEL RAMOS CABRER | FECHA : 28/10/2019 21:19

